

Intercambio do Falmer High School e o IES de Brión

O día 24 de Abril algúns alumnos de 3º chegamos a Brighton. A experiencia de facer un intercambio estabamola preparando desde o ano pasado. Foi unha cousa inolvidable.. o feito de poder estar cos teus amigos no Reino Unido e poder aprender ou intentar coñecer máis o idioma, coñecer un pouco da vida alá e poder volver a ver os ingleses que tanto botamos de menos por todo ese tempo que estibemos xuntos aquí.

Na estancia alá fixemos moitas cousas que eran divertidas e outras que non tanto. A actividade que máis me gustou foi cando xogamos o Criquet no Falmer High School. O instituto era moi grande.

A primeira parte da mañá dimos unhas voltas ao redor do polideportivo e logo xogamos a uns xogos onde tiñamos que participar todos.

Xogamos a un que tiñamos que facer dous grupos e en cada grupo duas filas. Os dous grupos empezabamos o mesmo tempo pasandonos unha pelota que si caía o chan tiñamos que volver a empezar.

Tamém ensináronnos as regras e como se xoga o criquet.

Antes de ir a comer xogamos un pequeno partido no que participaron alumnos e o remate del algúns profesores.

Despois de comer xogamos un partido de verdade nun campo de herba.

Fixemos dous grupos e cada un xogaba na súa parte do campo.

O día que menos me gustou penso que é o que fumos a ver Seven Sisters. Non me gustou porque chovía moitísimo e para chegar o lugar tivemos que caminar moito.

O chegar a praia desde onde se vía o acantilado sacamos unha foto todos e o momento fumos a comer. Á volta parou de chover cando comezamos a andar pero na metade do camiño empezou a chover denovo. Tamén facía moito vento.

Os demais días gustaronme moito pero non tanto como o do Criquet.

O primeiro día gustoume cando chegamos o hostel e algúns ingleses que vivían preto agardaban alí por nós.

Cando rematamos de instalarnos no hostel fumos cear, a maioría de nós ceamos un perrito quente. O acabar de cear fumos o Brighton Pier que era un parque de atraccións que tiñamos enfrente do hostel que estaba sobre a auga.

Outro dos días que tamén me gustou moito foi cando fixemos o pignic e comemos a comida que a muller de Oscar preparara con tanto entusiasmo para nós.

Ese día comimos comida típica inglesa e logo xogamos a Rounders.

No primeiro partido xogamos os alumnos e o rematar este a xente que quería xogar outro xogouno e tamén participou algún profesor.

Ese día mentres se facía o segundo partido algunha xente podía descansar ou xogar a outra cousa.

Gustoume tamén o día que fumos a ver Newhaven fort. Era unha fortaleza moi grande e bonita con moita herba e había moita xente. Ese día fumos por separado e vimos onde estaban os prisioneiros de esa época, as xoias da reina, uns soldados, cabalos..

Tamén houbo un día no que dimos clase no instituto.

Quedeime sorprendida de que alí tiñan clase de drama e cociña.

As clases son moi diferentes aquí que alá. Na clase de drama fixemos moitos xogos entretidos e a profesora era moi simpática.

Na clase de música que tibemos primeiro fixemos un concurso de baile e logo fumos a tocar o piano. Tiñan pianos para todos nósii

Na clase de cociña preparamos una tarta de chocolate e limpamos o que ensuciamos. Por último tiñamos clase de informática pero o final tibemola de castelán. Axudamos os ingleses a traducir uns textos.

Na estancia no Falmer tamén pensei que ibamos a estar con estudantes ingleses como eles estiberon aquí con xente que non participou no intercambio.

Houbo un día no que fumos a visitar o Royal Pavilion. Era un palacio decorado dunha forma china. Había unha guía con nós que nos explicou a historia do palacio e do rei que vivía alí. A señora entendiaselle moi ben. Ese día fixemos un circuito que preparou Patrícia arredor de Brighton e pola zona onde había un centro comercial e onde se collían os autobuses.

Gustaronme moito todas as actividades que fixemos ala en Brighton, penso que foron educativas e aínda que non falamos tanto inglés como tiñamos previsto.

Persoalmente eu pensaba que ibamos a estar máis tempo cos estudantes ingleses e que ían a estar con nós nas excursións e no tempo libre pero só estiberon algúns.

No mes de marzo os estudantes do Falmer High School chegaron aquí a Galicia. Chegaron un mércores. Cando chegaron os nosos pais estaban agardando por eles e nós fumos a cafetería a buscalos. Penso que a miña estancia con María na casa foi boa.

Nos entendiamos ben. Ela non sabía nada de castelán pero cando marchou foise sabendo algunhas palabras como gracias, que tal?, delicioso, etc...

Pasamolo moi ben xuntas. En xeral penso que todas as estancias nas casas foron boas. Como casi todos viviamos preto foi a primeira vez que quedamos todos xuntos cas nosas parellas inglesas nunhas pistas ou nalgún sitio.

O primer día cando chegaron pola tarde fumos a visitar a catedral de Santiago de Compostela e fixemos un circuito pola zona vella de Santiago. Ese día eles tiñan un guía que falaba en inglés e nós unha guía que falaba castelán entón o grupo de estudantes ingleses e galegos separóuse.

O día que máis me gustou foi cando fumos pola costa. Visitamos Muros e Noia. Ese día penso que foi o máis largo e agotador.

Fumos a praia e comemos alí. Visitamos o castro de Baroña onde despois de camiñar para chegar poidemos descansar un pouco.

Ese día en Noia o alcalde de alá recibeunos e ensinounos o concello de Noia.

Ese día fumos a visitar un museo dun castro que non recordo o nome.

Un dos días que tamén me gustou moito foi cando fumos a visitar a muralla de Lugo. Camiñamos o redor de toda a muralla. Fumos a visitar dous museos esa mañá. Un tiña unha parte de unha casa vella. No outro despois de ver un video todos xuntos poidemos ir pola nosa conta porque o museo tiña cousas táctiles para que ti foras

vendo.

Penso que cando eles estiberon aquí non houbo día que non me gustase.

Gustáronme todos moito e foron moi divertidos aínda que algunhas veces facíanse largos.

Antes de que eles estiberan aquí estaba moi emocionada porque tiña ganas de que elas viñeran xa. O día que nós fumos non o cría ata estar no avión.

Antes de ir pensaba que íamos a aprender moito máis inglés do que aprendín porque creía que íamos a estar case todo o día co alumnado inglés como cando eles estiberon aquí. Aprendín máis inglés estando a miña inglesa na casa e tendo que falar con ela nesta lingua que ala.

Penso tamén que todos houberamos aprendido moito máis se houberamos estado en casas de ingleses.

Ala no Reino Unido encontrabamos sempre a algún español...

Penso que a miña actitude foi boa aínda que sempre estibera cansada e preguntando canto falta ou se estabamos preto.

Sobre o profesorado decir que penso que o pasamos moi ben con eles.

Penso tamén que traballaron moito xa que cando nos tiñamos tempo libre eles estaban preparando excursións ou algunha visita ou algo semellante.

Creo que se preocuparon moito por nós porque aprenderamos e visitáramos lugares e o pasáramos ben.

O Proxecto Comenius creo que se trata de facer un intercambio un centro dun país e outro de outro no que tes que despois de facelo facer unha memoria ou algo semellante que demostre que aprendiches algo. Non estou moi segura.

O que si que sei seguro é que eu e penso que todos os meus compañeiros volveríamos a repetir.

Non teño máis que decir agás gracias por toda esta experiencia que foi tan boa para nós e creo que nunca ninguén a esquecerá.